

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

729 Orde TIN/25/2010, do 12 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional, contidas na Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

O artigo 129 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, establece as bases e os tipos de cotización á Seguridade Social, Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional para o exercicio 2010, e no seu número quince faculta o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto no citado artigo.

Á dita finalidade responde esta orde, mediante a cal se desenvolven as previsións legais en materia de cotizacións sociais para o exercicio 2010. A través dela non só se reproducen as bases e tipos de cotización reflectidos no texto legal citado, senón que, en desenvolvemento das facultades atribuídas polo artigo 110 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, se adaptan as bases de cotización establecidas con carácter xeral aos supostos de contratos a tempo parcial. Respecto da determinación das bases mínimas de cotización dos diferentes réximes do sistema da Seguridade Social, téñense en conta as previsións contidas no número catorce do artigo 129 da Lei 26/2009, do 23 de decembro.

En materia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais será de aplicación a tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro.

Pola súa vez, e de conformidade co disposto no Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, nesta orde fíxanse os coeficientes aplicables para determinar a cotización á Seguridade Social en supostos específicos, como son os de convenio especial, colaboración na xestión da Seguridade Social ou exclusión dalgunha continxencia.

Fíxanse os coeficientes para a determinación das achegas a cargo das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ao sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social, en función dos criterios técnicos para a liquidación de capitais custo, de pensións e outras prestacións periódicas, achegas mediante as cales se garante o mantemento do equilibrio financeiro entre as entidades colaboradoras sinaladas e a Administración da Seguridade Social.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas no artigo 129 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, e na disposición derradeira única do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

CAPÍTULO I

Cotización á Seguridade Social

Sección 1.^a Réxime xeral

Artigo 1. *Determinación da base de cotización.*

1. Para determinar a base de cotización correspondente a cada mes polas continxencias comúns no réxime xeral, aplicaranse as seguintes normas:

Primeira.—Computarase a remuneración devengada no mes a que se refire a cotización.

Segunda.—Á remuneración computada conforme a norma anterior engadirase a parte proporcional das gratificacións extraordinarias establecidas e daqueles outros conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e se satisfagan dentro do exercicio económico do ano 2010. Para tal efecto, o importe anual estimado das ditas gratificacións extraordinarias e demais conceptos retributivos dividirase por 365, e o cociente que resulte multiplicarase polo número de días que comprenda o período de cotización de cada mes. No caso de que a remuneración que corresponda ao traballador teña carácter mensual, o indicado importe anual dividirase por 12.

Terceira.—Se a base de cotización que resulte de acordo coas normas anteriores non estiver comprendida entre a contía da base mínima e da máxima correspondente ao grupo de cotización da categoría profesional do traballador, conforme a táboa establecida no artigo 3, cotizarase pola base mínima ou máxima, segundo que a resultante sexa inferior a aquela ou superior a esta. A indicada base mínima será de aplicación calquera que for o número de horas traballadas diariamente, excepto naqueles supostos en que por disposición legal se establece o contrario.

2. Para determinar a base de cotización correspondente a cada mes polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as normas primeira e segunda do punto anterior. A cantidade que así resulte non poderá ser superior ao tope máximo nin inferior ao tope mínimo correspondente, previstos ambos no artigo 2, calquera que sexa o número de horas traballadas diariamente, excepto naqueles supostos en que por disposición legal se establece o contrario.

Artigo 2. Topes máximo e mínimo de cotización.

1. O tope máximo da base de cotización ao réxime xeral será, a partir do 1 de xaneiro de 2010, de 3.198,00 euros mensuais.

2. A partir da data indicada no número 1, o tope mínimo de cotización para as contingencias de accidente de traballo e enfermidade profesional será equivalente ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementado polo rateo das percepcións de vencemento superior ao mensual que perciba o traballador, sen que poida ser inferior a 738,90 euros mensuais.

Artigo 3. Bases máximas e mínimas de cotización.

Durante o ano 2010, a cotización ao réxime xeral por contingencias comúns estará limitada para cada grupo de categorías profesionais polas bases mínimas e máximas seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas – Euros/mes	Bases máximas – Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	1.031,70	3.198,00
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	855,90	3.198,00
3	Xefes administrativos e de taller.	744,60	3.198,00
4	Axudantes non titulados.	738,90	3.198,00
5	Oficiais administrativos.	738,90	3.198,00
6	Subalternos	738,90	3.198,00
7	Auxiliares administrativos.	738,90	3.198,00

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas – Euros/día	Bases máximas – Euros/día
8	Oficiais de primeira e segunda	24,63	106,60
9	Oficiais de terceira e especialistas	24,63	106,60
10	Peóns	24,63	106,60
11	Traballadores menores de dezaioito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	24,63	106,60

Artigo 4. *Tipos de cotización.*

A partir do 1 de xaneiro de 2010, os tipos de cotización ao réxime xeral serán os seguintes:

1. Para as contingencias comúns, o 28,30 por 100, do cal o 23,60 por 100 será a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.
2. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos da tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, sendo a cargo exclusivo da empresa.

Artigo 5. *Cotización adicional por horas extraordinarias.*

A remuneración que obteñan os traballadores polo concepto de horas extraordinarias queda suxeita a unha cotización adicional, que non será computable para efectos de determinar a base reguladora das prestacións.

A cotización adicional polas horas extraordinarias motivadas por forza maior efectuarase aplicando o tipo do 14,00 por 100, do cal o 12,00 por 100 será a cargo da empresa e o 2,00 por 100 a cargo do traballador.

A cotización adicional polas horas extraordinarias que non teñan a consideración referida no parágrafo anterior efectuarase aplicando o tipo do 28,30 por 100, do cal o 23,60 por 100 será a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.

Artigo 6. *Cotización durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, maternidade e paternidade, e nos casos de compatibilidade do subsidio por maternidade ou paternidade con períodos de descanso en réxime de xornada a tempo parcial.*

1. A obriga de cotizar permanece durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e de desfrute dos períodos de descanso por maternidade ou paternidade, aínda que estes supoñan unha causa de suspensión da relación laboral.

2. Nas situacións sinaladas no punto anterior, a base de cotización aplicable para as contingencias comúns será a correspondente ao mes anterior ao da data da incapacidade, situacións de risco durante o embarazo ou de risco durante a lactación natural, ou do inicio do desfrute dos períodos de descanso por maternidade ou por paternidade.

Para a aplicación do disposto no parágrafo anterior teranse en conta as seguintes regras:

Primeira.–No suposto de remuneración que se satisfaga con carácter diario, tiver ou non permanecido en alta na empresa o traballador durante todo o mes natural anterior, o importe da base de cotización do dito mes dividirase polo número de días a que se refira a cotización. O cociente resultante será a base diaria de cotización, que se multiplicará polo número de días en que o traballador permaneza en situación de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou de desfrute dos

períodos de descanso por maternidade ou por paternidade para determinar a base de cotización durante esa situación.

Segunda.—Cando o traballador teña remuneración mensual e permanecese en alta na empresa durante todo o mes natural anterior ao da iniciación da ditas situacións, a base de cotización dese mes dividirase por 30. Se non permaneceu en alta na empresa durante todo o mes natural anterior, o importe da base de cotización do dito mes dividirase polo número de días a que se refire a cotización. En ambos os casos, o cociente resultante será a base diaria de cotización, que se multiplicará por 30 de permanecer todo o mes na situación de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou de disfrute dos períodos de descanso por maternidade ou por paternidade, ou pola diferenza existente entre esa cifra e o número de días que realmente traballou no dito mes.

Terceira.—Cando o traballador ingresase na empresa no mesmo mes en que iniciase algunha das situacións a que se refire este artigo, aplicarase a ese mes o establecido nas regras precedentes.

3. O disposto no punto anterior será de aplicación para calcular a base de cotización, para efectos das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e maternidade ou paternidade. Non obstante, e co fin de determinar a cotización que polo concepto de horas extraordinarias corresponde efectuar, terase en conta a media das efectivamente realizadas e cotizadas durante o ano inmediatamente anterior á data de iniciación das ditas situacións. Para tal efecto, o número de horas realizadas dividirase por 12 ou 365, segundo que a remuneración do traballador se satisfaga ou non con carácter mensual.

4. Salvo nos supostos en que por disposición legal se establece o contrario, en ningún caso a base de cotización por contingencias comúns, nas situacións a que se refire este artigo, poderá ser inferior á base mínima vixente en cada momento correspondente á categoría profesional do traballador. Para tal efecto, o correspondente subsidio actualizarase a partir da data de entrada en vigor da nova base mínima de cotización.

5. Na cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante os períodos de baixa por incapacidade temporal e outras situacións con suspensión da relación laboral con obriga de cotización, continuará sendo de aplicación o tipo de cotización correspondente á respectiva actividade económica, de conformidade coa tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

6. Cando se compatibilice a percepción do subsidio por maternidade ou paternidade co disfrute dos períodos de descanso en réxime de xornada a tempo parcial, a base de cotización virá determinada polos dous sumandos seguintes:

- a) Base reguladora do subsidio, en proporción á fracción de xornada correspondente ao período de descanso.
- b) Remuneracións suxeitas a cotización, en proporción á xornada efectivamente realizada.

Artigo 7. *Cotización na situación de alta sen percepción de remuneración.*

1. Cando o traballador permaneza en alta no réxime xeral e se manteña a obriga de cotizar conforme o disposto no artigo 106.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 xuño, sen que perciba remuneración computable, tomarase como base de cotización a mínima correspondente ao grupo da súa categoría profesional. Para os efectos de cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais terase en conta o tope mínimo de cotización establecido no artigo 2.2 desta orde.

2. O disposto no punto anterior non será de aplicación ás situacións previstas na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 27 de outubro de 1992.

Artigo 8. Base de cotización na situación de desemprego protexido.

1. Durante a percepción da prestación por desemprego por extinción da relación laboral, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obriga legal de cotizar será a base reguladora da prestación por desemprego, determinada segundo o establecido no artigo 211.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima por contingencias comúns prevista para cada categoría profesional, tendo a dita base a consideración de base de contingencias comúns para efectos das prestacións da Seguridade Social.

2. Durante a percepción da prestación por desemprego por suspensión temporal da relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal ou por redución temporal de xornada en virtude de expediente de regulación de emprego, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obriga legal de cotizar será o equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por contingencias comúns e por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga legal de cotizar.

3. A continuación da prestación por desemprego nos supostos de suspensión do dereito suporá a continuación da obriga de cotizar pola base de cotización indicada nos puntos anteriores correspondente ao momento do nacemento do dereito.

4. Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do artigo 210.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o traballador opte por reabrir o dereito inicial, a base de cotización á Seguridade Social será a indicada no número 1 deste artigo, correspondente ao momento do nacemento do dereito polo que se opta, ou, de ser o caso, as indicadas no número 2 deste artigo, correspondentes ao momento do nacemento do dereito polo que se opta.

5. Durante a percepción da prestación só se actualizará a base de cotización indicada nos anteriores puntos cando resulte inferior á base mínima de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego e ata o dito tope.

Artigo 9. Cotización na situación de pluriemprego.

1. Cando o traballador se encontre en situación de pluriemprego aplicaranse as seguintes normas:

a) Para as contingencias comúns:

Primeira.—O tope máximo das bases de cotización, establecido en 3.198,00 euros mensuais, distribuirase entre todas as empresas en proporción á remuneración aboada ao traballador en cada unha delas.

Segunda.—Cada unha das empresas cotizará polos conceptos retributivos computables que satisfaga ao traballador, co límite que corresponda á fracción do tope máximo que se lle asigne.

Terceira.—A base mínima correspondente ao traballador, segundo a súa categoría profesional, distribuirase entre as distintas empresas e será aplicada para cada unha delas en forma análoga á sinalada para o tope máximo. Se ao traballador lle corresponderen diferentes bases mínimas de cotización pola súa clasificación laboral tomarase para a súa distribución a base mínima de superior contía.

b) Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais:

Primeira.—O tope máximo da base de cotización, establecido en 3.198,00 euros mensuais, distribuirase entre todas as empresas en proporción á remuneración aboada ao traballador en cada unha delas.

Segunda.—O tope mínimo de cotización distribuirase entre as distintas empresas e será aplicado para cada unha delas en forma análoga á sinalada para o tope máximo.

Terceira.—A base de cotización será para cada empresa a que resulte conforme o sinalado no artigo 1, cos límites que se lle asignasen, segundo as normas anteriores.

2. No suposto de que un dos empregos supoña a inclusión no réxime xeral da Seguridade Social nos termos indicados no artigo 97.2.k) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e no artigo 21.2 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, a distribución do tope máximo correspondente ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais só se efectuará co obxecto de determinar as cotas correspondentes ás contingencias comunmente protexidas por ambas as modalidades de inclusión, así como os demais conceptos de recadación conxunta. Para tal fin, efectuarase unha dobre distribución do tope máximo de cotización citado, unha delas para determinar a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como para formación profesional, e a outra para determinar a cotización por desemprego e para o Fondo de Garantía Salarial.

3. Os rateos indicados nos puntos anteriores serán efectuados, por petición das empresas ou traballadores afectados ou, de ser o caso, de oficio, polas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou as súas administracións. A distribución así determinada terá efectos a partir da liquidación de cotas que corresponda ao mes en que se acredite a existencia da situación de pluriemprego, salvo que se trate de períodos nos cales tiver prescrito a obriga de cotizar.

4. As direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou as súas administracións, de oficio ou por instancia do traballador ou empresario afectados, poderán rectificar a distribución entre as distintas empresas, efectuada conforme o disposto no número 1, cando de acordo coa dita distribución se produzan desviacións nas bases de cotización resultantes.

Artigo 10. *Cotización dos artistas.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2010, a base máxima de cotización por contingencias comúns para todas as categorías profesionais dos artistas a que se refire o artigo 32.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, será de 3.198,00 euros mensuais.

O tope máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

2. As bases de cotización á conta para determinar a cotización dos artistas, previstas no artigo 32.5.b) do regulamento xeral citado no punto anterior, serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010 e para todos os grupos de cotización, as seguintes:

Retribucións íntegras	Euros/día
Ata 362,00 euros	213,00
Entre 362,01 e 651,00 euros	268,00
Entre 651,01 e 1.089,00 euros	320,00
Mayor de 1.089,01 euros	426,00

Artigo 11. *Cotización dos profesionais taurinos.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2010, a base máxima de cotización por contingencias comúns para todas as categorías dos profesionais taurinos a que se refire o artigo 33.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social será de 3.198,00 euros mensuais.

O tope máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

2. As bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais polos profesionais taurinos, previstas no artigo 33.5.b) do regulamento xeral mencionado no punto anterior, serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010 e para cada grupo de cotización, as seguintes:

Grupo de cotización	Euros/día
1	987,00
2	909,00
3	681,00
7	407,00

Artigo 12. *Cotización no sistema especial para as tarefas de manipulación e empaquetado de tomate fresco dentro do réxime xeral.*

A cota por tonelada de tomate fresco empaquetado ou fracción de 500 ou máis quilogramos queda fixada en 1,24 euros.

Nos supostos en que a cotización por tonelada a que se refire o parágrafo anterior resulte inferior ao 40 por 100 do total de cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns, incluíndo a achega dos traballadores, as empresas estarán obrigadas a presentar ante a dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente ou a súa administración os documentos acreditativos das exportacións realizadas, na forma e coa periodicidade que determine a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Sección 2.^a Réxime especial agrario

Artigo 13. *Bases e tipos de cotización.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2010, as bases mensuais aplicables para os traballadores por conta allea, que presten servizos durante todo o mes, serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases de cotización – Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	1.031,70
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	897,00
3	Xefes administrativos e de taller.	897,00
4	Axudantes non titulados.	897,00
5	Oficiais administrativos.	897,00
6	Subalternos	897,00
7	Auxiliares administrativos.	897,00
8	Oficiais de primeira e segunda.	897,00
9	Oficiais de terceira e especialistas	897,00
10	Peóns	897,00
11	Traballadores menores de dezoito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	897,00

As empresas que opten por esta modalidade de cotización mensual deberán comunicar a dita opción á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ao inicio da actividade dos traballadores, nos termos e condicións que determine o dito servizo común da Seguridade Social.

Esta modalidade de cotización deberase manter durante todo o período de prestación de servizos, cuxa finalización se deberá comunicar igualmente á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos e condicións que esta determine.

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou fin dun mes natural, sempre que esa actividade teña unha duración de, polo menos, 30 días naturais consecutivos, a cotización realizarase con carácter proporcional aos días traballados no mes.

Esta modalidade de cotización mensual resultará de aplicación con carácter obrigatorio para os traballadores por conta allea con contrato indefinido, sen incluír entre estes os que presten servizos con carácter fixo discontinuo, respecto aos cales terá carácter opcional.

2. As bases diarias de cotización por xornadas reais correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea e respecto aos cales non se optase pola modalidade de cotización prevista no punto anterior, serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010, as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases diarias de cotización – Euros
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	44,86
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	39,00
3	Xefes administrativos e de taller.	39,00
4	Axudantes non titulados	39,00
5	Oficiais administrativos.	39,00
6	Subalternos	39,00
7	Auxiliares administrativos.	39,00
8	Oficiais de primeira e segunda	39,00
9	Oficiais de terceira e especialistas	39,00
10	Traballadores maiores de dezoito anos non cualificados.	39,00
11	Traballadores menores de dezoito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	39,00

Cando se realicen no mes actual 23 ou máis xornadas reais, a base de cotización correspondente a elas será a establecida no número 1 deste artigo.

3. No ano 2010, as bases mensuais de cotización aplicables para os traballadores por conta allea incluídos no censo agrario, durante os períodos de inactividade, serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases de cotización – Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	1.031,70
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	855,90
3	Xefes administrativos e de taller.	744,60
4	Axudantes non titulados	738,90
5	Oficiais administrativos.	738,90
6	Subalternos	738,90
7	Auxiliares administrativos.	738,90
8	Oficiais de primeira e segunda	738,90
9	Oficiais de terceira e especialistas	738,90
10	Peóns	738,90
11	Traballadores menores de dezoito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	738,90

Entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de xornadas realizadas durante este sexa inferior ao 76,67 por cento dos días naturais en que o traballador figure inscrito no censo agrario no dito mes.

A cotización respecto a estes períodos de inactividade determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$C = [(n/N) - (xr \times 1,304/N)]bc \times tc$$

Onde:

C= contía da cotización.

n= número de días no censo agrario sen cotización por bases mensuais de cotización.

N= número de días de alta no censo agrario no mes natural.

xr= número de xornadas reais realizadas no mes natural.

bc= base de cotización mensual.

tc= tipo de cotización aplicable, conforme o indicado no número 4.b).

En ningún caso a aplicación da fórmula anterior poderá dar lugar a que C alcance un valor inferior a cero.

O disposto neste punto non resultará de aplicación aos traballadores que coticen consonte o establecido no número 1.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial serán os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por continxencias comúns, o 20,20 por cento, sendo o 15,50 por cento a cargo da empresa e o 4,70 por cento a cargo do traballador.

Para a cotización por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse os tipos da tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,50 por cento, sendo a cotización resultante a cargo exclusivo do traballador.

5. Establécense as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este réxime especial.

a) Na cotización respecto aos traballadores incluídos no censo agrario a que se refire o número 1, encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, a achega mensual que debe satisfacer a empresa reducirase en 38,70 euros, en cómputo mensual. Do importe que se debe reducir, 34,83 euros/mes aplicaranse á cotización por continxencias comúns e 3,87 euros/mes á cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

b) Na cotización por xornadas reais respecto aos traballadores con contrato temporal e fixo descontínuo, encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, ambos inclusive, e incluídos no censo agrario, a redución será de 1,68 euros por cada xornada, dos cales 1,50 euros se aplicarán á cotización por continxencias comúns e 0,18 euros á cotización por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Non obstante, cando na mensuralidade de que se trate se realizasen 23 ou máis xornadas reais, os empresarios poderán practicar a redución prevista na alínea a).

c) As reducións na cotización por continxencias comúns que procedan en virtude do establecido nas alíneas a) e b) anteriores, aplicaranse sobre as cotas que resulten do previsto no artigo 30, números 3 e 4, naqueles casos en que sexan tamén de aplicación as bonificacións e reducións a que se refire o dito artigo.

6. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial agrario, a base de cotización será a base mínima do réxime xeral da Seguridade Social que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego, ou naquel en que cesou a obriga de cotizar.

A dita base de cotización actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego ou no cal cesou a obriga de cotizar.

Sección 3.^a Réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos

Artigo 14. Bases e tipos de cotización.

A partir do 1 de xaneiro de 2010, as bases e o tipo de cotización por contingencias comúns a este réxime especial serán os seguintes:

1. Tipo de cotización: o 29,80 por 100.

Non obstante, cando o traballador por conta propia ou autónomo non teña no dito réxime a protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 26,50 por 100.

Os traballadores incluídos neste réxime especial que non teñan cuberta a protección dispensada ás contingencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,1 por 100, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da seguridade social.

2. Bases de cotización:

2.1. Base mínima de cotización: 841,80 euros mensuais.

2.2. Base máxima de cotización: 3.198,00 euros mensuais.

3. A base de cotización para os traballadores que, en 1 de xaneiro de 2010, sexan menores de cincuenta anos de idade será a elixida por estes, dentro dos límites que representan as bases mínima e máxima.

4. Os traballadores cuxa alta neste réxime especial se practicase de oficio, como consecuencia, pola súa vez, dunha baixa de oficio no réxime xeral da Seguridade Social ou noutro réxime de traballadores por conta allea, poderán optar, calquera que sexa a súa idade no momento de causaren alta, entre manter a base de cotización pola que viñan cotizando no réxime en que causaron baixa ou elixir unha base de cotización aplicando as regras xerais previstas, para tales efectos, neste réxime especial.

5. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, a base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2010, teñan cumprida a idade de cincuenta ou máis anos estará comprendida entre as contías de 907,50 e 1.665,90 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, se tivese que pór á fronte del e darse de alta neste réxime especial con corenta e cinco ou máis anos de idade, caso en que a elección de bases estará comprendida entre as contías de 841,80 e 1.665,90 euros mensuais.

Non obstante, a base de cotización dos traballadores autónomos que con anterioridade aos cincuenta anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social cinco ou máis anos, terán as seguintes contías:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 1.649,40 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 841,80 euros mensuais e 1.665,90 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 1.649,40 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 841,80 euros mensuais e o importe daquela incrementado nunha porcentaxe igual ao aumento que experimentase a base máxima de cotización deste réxime especial.

6. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE-09. 4781 Comercio ao retalho de alimentos, bebidas e tabaco en postos de venda e

feiras; 4782 Comercio ao retallo de téxtiles, pezas de roupa e calzado en postos de venda e feiras; 4789 Outro comercio ao retallo en postos de venda e feiras non mencionados anteriormente; e 4799 Comercio ao retallo a domicilio e 4799 Comercio ao retallo por medio de máquinas expendedoras ou vendedores ambulantes), poderán elixir como base mínima de cotización, durante o ano 2010, 841,80 euros mensuais, ou unha base de cotización de 738,90 euros mensuais.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799 Comercio ao retallo a domicilio) poderán tamén elixir como base mínima de cotización, durante o ano 2010, 841,80 euros mensuais, ou unha base de cotización de 462,90 euros mensuais.

7. O previsto no parágrafo primeiro do número 6 será de aplicación aos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que perciban ingresos directamente dos compradores.

En tales casos, no suposto en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo durante un máximo de tres días á semana en mercados tradicionais ou «mercadillos», con horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar por unha base de 841,80 euros mensuais, ou unha base de 462,90 euros mensuais.

A elección de bases de cotización prevista no parágrafo precedente tamén será de aplicación ás persoas que se dediquen de forma individual á venda ambulante, durante un máximo de tres días á semana, en mercados tradicionais ou «mercadillos» con horario de venda inferior de oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio, nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

En calquera caso, deberase cotizar obrigatoriamente polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicando, sobre a base de cotización elixida, a tarifa de primas a que se refire o número 9.

8. Nos supostos a que se refiren os números 6 e 7, por se tratar de actividades exclusivas de venda, non están incluídos aqueles casos en que, ademais, se fabrican ou elaboran os produtos obxecto de venda.

9. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os tipos da tarifa de primas establecidos na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, sobre a mesma base de cotización elixida polos interesados para contingencias comúns.

10. Os traballadores autónomos que, en razón do seu traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, cotizasen en 2009, respecto de contingencias comúns en réxime de pluriactividade e tendo en conta tanto as achegas empresariais como as correspondentes ao traballador no réxime xeral, así como as efectuadas no réxime especial, por unha contía igual ou superior a 10.752 euros, terán dereito a unha devolución do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións ingresadas superen a mencionada contía, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas no réxime especial, en razón da súa cotización polas contingencias comúns de cobertura obrigatoria.

A devolución efectuarase por instancia do interesado, que a deberá formular nos catro primeiros meses de 2010.

11. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que, con anterioridade ao 31 de decembro de 2008, viñesen encadrados no réxime xeral e que, en razón do establecido no artigo 120.Catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, quedasen incluídos, para efectos da Seguridade Social, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, terán dereito, durante 2010, a unha redución do 50 por 100 da cota a ingresar.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar, sobre a base mínima elixida de conformidade co previsto no número 7, o tipo de cotización aplicable de acordo co previsto no número 1 deste artigo.

Artigo 15. *Bases e tipos de cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2010, as bases e tipos de cotización por contingencias comúns a este sistema especial serán as seguintes:

a) Respecto das contingencias de cobertura obrigatoria, se o traballador optou por elixir como base de cotización a base mínima aplicable neste réxime especial, fixada para o ano 2010 en 841,80 euros mensuais, o tipo de cotización aplicable será o 18,75 por 100.

De o traballador cotizar por unha base de cotización superior á dita base mínima, á contía que exceda esta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 28,30 por 100.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por contingencias comúns, o tipo de cotización que se aplicará á contía completa da base de cotización do interesado será do 3,30 por 100.

2. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais observarase o disposto no artigo 14.9.

No suposto de traballadores que, logo de estaren encadrados no réxime especial agrario, pasasen a se incorporar a este sistema especial e non optasen pola cobertura da totalidade das contingencias profesionais, seguirase aboando, en concepto de cobertura das contingencias de invalidez e morte e supervivencia, unha cota resultante de aplicar á base de cotización elixida o tipo do 1,00 por 100.

3. Igualmente, os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,1 por 100, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da seguridade social.

Sección 4.^a Réxime especial dos empregados de fogar

Artigo 16. *Base e tipos de cotización.*

1. A base e o tipo de cotización a este réxime especial serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010, os seguintes:

Base de cotización: 738,90 euros mensuais.

Tipo de cotización: 22,00 por 100.

Cando, de conformidade coa normativa vixente, proceda a distribución do tipo de cotización sinalado anteriormente, esta realizarase da seguinte forma: a cargo do empregador, o 18,30 por 100 e do empregado de fogar, o 3,70 por 100. Cando o empregado de fogar preste os seus servizos con carácter parcial ou descontinuo a un ou máis empregadores será do seu exclusivo cargo o tipo de cotización sinalado anteriormente.

2. Ademais da cotización establecida no punto anterior, durante o ano 2010, os traballadores incluídos neste réxime especial efectuarán unha cotización adicional para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da seguridade social, equivalente ao 0,1 por 100, aplicado sobre a base única de cotización.

A cotización adicional, no caso de traballadores a tempo completo, será por conta exclusiva do empregador.

*Sección 5.^a Réxime especial dos traballadores do mar**Artigo 17. Normas aplicables.*

1. O previsto na sección 1.^a deste capítulo será de aplicación ao réxime especial dos traballadores do mar, sen prexuízo, de ser o caso e para a cotización por continxencias comúns, do disposto na Orde do 22 de novembro de 1974 e do establecido para a cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro, a que se refire o artigo 19.6 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2010, o tipo de cotización por continxencias comúns dos traballadores por conta propia será o 29,80 por 100.

*Sección 6.^a Réxime especial para a minaría do carbón**Artigo 18. Peculiaridades na cotización no réxime especial para a minaría do carbón.*

1. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial para a minaría do carbón, a base de cotización será a normalizada vixente que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego. Tal base de cotización actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

2. A cotización por continxencias comúns, respecto dos traballadores pertencentes a categorías ou especialidades profesionais de nova creación que non teñan asignada a correspondente base normalizada, e ata que esta se determine, realizarase en función da base de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Este criterio será tamén de aplicación aos supostos de categorías ou especialidades profesionais que, tendo desaparecido, se volvan crear de novo.

3. A cotización no convenio especial suscrito no réxime especial para a minaría do carbón efectuarase do seguinte modo:

3.1 Categorías ou especialidades profesionais que teñen fixada base normalizada de cotización no momento de subscrición do convenio especial.

Nos supostos sinalados aplicaranse as seguintes regras:

Primeira.—A base inicial de cotización correspondente ao convenio especial será a base normalizada vixente no momento da subscrición do convenio para a categoría ou especialidade profesional a que pertencía o traballador. As sucesivas bases de cotización serán equivalentes ás bases normalizadas que, en cada exercicio económico, se fixen para a respectiva categoría ou especialidade profesional.

Segunda.—Se a base normalizada da categoría ou especialidade profesional de que se trate tiver, no exercicio económico correspondente, un importe inferior á base do convenio especial, esta permanecerá inalterada ata que a base normalizada que se fixe sexa dunha contía igual ou superior á do convenio especial.

Terceira.—No suposto de que desapareza a categoría ou especialidade profesional a que pertenceu, no seu momento, o traballador que subscribiu o convenio especial, a base de cotización do convenio especial poderá ser actualizada de acordo co establecido no artigo 6.2.2 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, podendo incrementarse esa base, como máximo, na porcentaxe de variación da base mínima de cotización no réxime xeral.

A partir do momento en que se volva fixar a base normalizada de cotización para a categoría ou especialidade profesional correspondente, ao se crear de novo, a base de cotización no convenio especial será a dita base normalizada, sen prexuízo do sinalado na regra segunda.

3.2. Categorías ou especialidades profesionais de nova creación que non teñen fixada base normalizada no momento da subscrición do convenio especial.

Nos supostos indicados, a base de cotización, no momento de subscripción do convenio especial, será a que resulte de aplicar o procedemento establecido no artigo 6.2.1.b) da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro. A base inicial así determinada será substituída pola base normalizada que, para a categoría ou especialidade profesional, fixe o Ministerio de Traballo e Inmigración.

4. Para os efectos de determinar a cotización polos pensionistas de incapacidade permanente, nos supostos referidos nos artigos 20 e 22 da Orde do 3 de abril de 1973, para a aplicación e desenvolvemento do Decreto 298/1973, do 8 de febreiro, e cando non exista base normalizada de cotización correspondente á categoría ou especialidade profesional que ocupaban os pensionistas, en todos ou nalgún dos períodos que deben tomarse en conta para o cálculo da pensión de xubilación e para efectos de determinar as cantidades a deducir da pensión de xubilación, aplicaranse as seguintes regras:

Primeira.—Terase en conta como base de cotización e polos períodos indicados a base de cotización fixada para a categoría ou especialidade profesional de que se trate, antes da súa desaparición.

Segunda.—A citada base de cotización incrementarase aplicándolle a porcentaxe de incremento que experimentase a base mínima de cotización no réxime xeral correspondente ao grupo de cotización en que estea encadrada a categoría ou especialidade profesional a que pertenza, no seu momento, o traballador.

5. Para os efectos do cálculo das bases de cotización normalizadas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social tomará os días traballados e de alta que figuren no Ficheiro Xeral de Afiliación, segundo a información facilitada polas empresas do sector de acordo coas obrigas que establece o Regulamento xeral de inscrición, afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

Sección 7.^a Coeficientes redutores da cotización aplicables ás empresas excluídas dalgunha continxencia e ás empresas colaboradoras

Artigo 19. Coeficientes aplicables ás empresas excluídas dalgunha continxencia.

Desde o 1 de xaneiro de 2010, os coeficientes redutores que se deben aplicar ás cotas devengadas polas empresas excluídas dalgunha continxencia serán os seguintes:

a) Nas empresas excluídas da continxencia de incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, aplicarase o coeficiente 0,055, correspondendo o 0,046 á cota empresarial, e o 0,009 á cota do traballador.

b) Nos supostos a que se refire o segundo inciso do primeiro parágrafo do número 2 da disposición transitoria quinta do Real decreto 480/1993, do 2 de abril, polo que se integra no réxime xeral da Seguridade Social o réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración local, aplicarase o coeficiente 0,045, correspondendo o 0,034 á cota empresarial e o 0,011 á cota a cargo do traballador.

Artigo 20. Coeficientes aplicables ás empresas autorizadas a colaborar voluntariamente na xestión da Seguridade Social.

Desde o día 1 de xaneiro de 2010, o coeficiente redutor aplicable ás empresas autorizadas para colaborar voluntariamente na xestión da prestación económica de incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, na modalidade prevista no artigo 77.1.d), do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, será o 0,055 sobre a cota que lles correspondería satisfacer de non existir a colaboración.

Artigo 21. *Aplicación dos coeficientes redutores.*

O importe que se deducirá da cotización nos supostos referidos nos artigos anteriores determinarase multiplicando polos coeficientes sinalados ou a suma deles, de ser o caso, a cota íntegra resultante de aplicar o tipo único vixente ás correspondentes bases de cotización.

Sección 8.^a *Coeficientes aplicables para determinar a cotización nos supostos de convenio especial*

Artigo 22. *Coeficientes aplicables.*

1. No convenio especial aplicaranse, a partir do 1 de xaneiro de 2010, os seguintes coeficientes:

a) Cando o convenio especial teña por obxecto a cobertura de todas as prestacións derivadas de continxencias comúns coa excepción dos subsidios por incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, maternidade e paternidade, o 0,94.

b) Cando o convenio especial se subscribise con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e teña por obxecto a cobertura das prestacións de xubilación e incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de continxencias comúns, e servizos sociais, o 0,77.

c) Nos supostos de convenio especial suscrito con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 por traballadores contratados a tempo parcial e nos supostos de redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario, o 0,77. Se o convenio especial se subscribiu con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1998, nos indicados supostos ou durante a situación de alta especial motivada por folga legal ou peche patronal, o 0,94.

d) Nos supostos de traballadores perceptores do subsidio de desemprego, con dereito a cotización pola continxencia de xubilación, que subscriban o convenio especial regulado polo artigo 24 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro:

Pola totalidade da base de cotización elixida polo interesado, para a cobertura das continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, o 0,14.

Pola diferenza entre a dita base de cotización e aquela pola que cotice en cada momento o Servizo Público de Emprego Estatal, para a cobertura da continxencia de xubilación, o 0,80.

Se o convenio especial se subscribiu con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 ou trae a súa causa de expedientes de regulación de emprego autorizados con anterioridade a esa mesma data, aplicaranse os seguintes coeficientes:

Pola totalidade da base de cotización elixida polo interesado, para a cobertura das continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, o 0,33.

Pola diferenza entre a dita base de cotización e aquela pola que cotice en cada momento o Servizo Público de Emprego Estatal, para a cobertura da continxencia de xubilación, o 0,40.

e) Nos convenios especiais regulados polo Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, sobre inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos españois non residentes en territorio nacional que teñan a condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais intergubernamentais, se se subscribiron antes do 1 de xaneiro de 2000, aplicarase o 0,77. Aos suscritos con posterioridade a esa data seralles de aplicación o 0,94.

f) Nos supostos de convenio especial suscrito por aqueles que pasen a prestar servizos na Administración da Unión Europea, para a cobertura das prestacións por incapacidade permanente, o 0,27.

g) Nos convenios especiais suscritos ao abeiro do Real decreto 996/1986, do 25 de abril, polo que se regula a subscrición de convenio especial de emigrantes e fillos de emigrantes, aplicarase o 0,77.

h) Nos convenios especiais subscritos ao abeiro do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a seguridade social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, aplicarase o 0,77. Igualmente, efectuarase unha cotización por formación profesional nunha contía equivalente ao 0,20 por 100 da base de cotización a que se refire o artigo 4.1 do citado real decreto.

2. Para determinar a cotización nos supostos sinalados no punto anterior calcularase a cota íntegra aplicando á base de cotización que corresponda o tipo único de cotización vixente no réxime xeral, e o resultado obtido multiplicarase polo coeficiente que en cada caso corresponda. O produto que resulte constituirá a cota que se deberá ingresar.

Sección 9.^a Coeficientes aplicables para determinar a cotización en supostos de subsidio por desemprego de nivel asistencial

Artigo 23. Determinación dos coeficientes.

1. Para determinar a cotización que corresponde efectuar polos traballadores beneficiarios do subsidio de desemprego a que se refire o artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aplicarase o coeficiente redutor 0,20, que se deducirá da cota íntegra resultante.

2. Para determinar a cotización que corresponde efectuar polos beneficiarios do subsidio por desemprego a que se refire o artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, cando se trate de traballadores por conta allea de carácter fixo incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, cotizarase á Seguridade Social pola base mínima de cotización vixente en cada momento aplicando un coeficiente redutor do 0,69, que se deducirá da cota íntegra resultante, e nos supostos a que se refire o número 1 anterior aplicarase o coeficiente redutor indicado nese punto.

Sección 10.^a Financiamento das funcións e actividades atribuídas ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social en relación coa cobertura da prestación económica de incapacidade temporal

Artigo 24. Determinación da fracción de cota.

1. O financiamento das funcións e actividades atribuídas ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social para a xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns a favor dos traballadores das empresas asociadas que optasen por formalizar a cobertura con elas efectuarase durante o ano 2010 mediante a fracción de cota a que se refire o artigo 71.2 do Regulamento sobre colaboración das ditas entidades, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, aplicando o coeficiente do 0,06 sobre a cota íntegra obtida polas ditas empresas como resultado de aplicar o tipo único vixente de cotización por continxencias comúns ás correspondentes bases de cotización. A dita porcentaxe poderase elevar ata o 0,062 para aquelas mutuas que acrediten un coeficiente de poboación protexida en continxencias comúns superior á porcentaxe que se determine dos afiliados en continxencias profesionais, ou ben existiren unha porcentaxe de procesos de incapacidade temporal por continxencias comúns superior á que se fixe por poboación protexida, ou ben acrediten a insuficiencia financeira do coeficiente xeral con base en circunstancias estruturais, todo isto nos termos que coa suficiente antelación determine a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, mediante resolución ditada para o efecto e publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. A fracción de cota prevista no artigo 76.2 do regulamento citado no punto anterior que deben percibir as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social para o financiamento da cobertura da prestación económica por incapacidade temporal dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e dos traballadores incluídos no sistema especial para

traballadores por conta propia agrarios, fíxase para o exercicio do ano 2010 no resultado de aplicar o tipo do 3,30 por 100 á correspondente base de cotización.

Sección 11.^a Coeficientes aplicables para determinar as achegas a cargo das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e empresas colaboradoras para o sostemento dos servizos comúns

Artigo 25. *Coeficientes aplicables.*

1. As achegas das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social, a que se refire o artigo 75 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, determinaranse aplicando o coeficiente do 16,00 por 100.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social aplicará o coeficiente sinalado no parágrafo anterior sobre as cotas ingresadas que correspondan a cada unha das mutuas afectadas, unha vez descontada a parte relativa ao reaseguro obrigatorio.

2. Fíxase no 31,00 por 100 o coeficiente para determinar a cantidade que deben ingresar as empresas autorizadas a colaborar na xestión da asistencia sanitaria e incapacidade temporal derivadas das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, en concepto de achega para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social e de contribución aos demais gastos xerais e ás exixencias de solidariedade nacional.

O citado coeficiente aplicarase ás cotas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais recadadas por incapacidade permanente e morte e supervivencia.

Sección 12.^a Cotización á Seguridade Social en supostos especiais

Artigo 26. *Incremento na cota empresarial por continxencias comúns nos contratos temporais de curta duración.*

Nos contratos de carácter temporal cuxa duración efectiva sexa inferior a sete días a cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns incrementarase nun 36 por 100. Ese incremento non será de aplicación aos contratos de interinidade.

Artigo 27. *Cotización nos supostos de aboamento de salarios con carácter retroactivo.*

1. Cando deban aboarse salarios con carácter retroactivo, o ingreso das liquidacións que deban efectuarse á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, como consecuencia deles, realizarase nos prazos sinalados no artigo 56.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Nestes supostos, o ingreso efectuarase mediante a correspondente liquidación complementaria, para cuxo fin se tomarán as bases, topes, tipos e condicións vixentes nos meses a que os citados salarios correspondan.

2. De igual forma se liquidarán aquelas gratificacións que non poidan ser obxecto de cuantificación anticipada total ou parcialmente, para efectos do rateo establecido no artigo 1, para cuxo fin as empresas deberán formalizar unha liquidación complementaria polas diferenzas de cotización relativas aos meses do ano xa transcorridos, e incrementar, na parte que corresponda, as cotizacións pendentes de ingresar durante o exercicio económico do ano 2010.

3. As liquidacións complementarias a que se refiren os puntos anteriores confeccionaranse con detalle separado de cada un dos meses transcorridos.

Artigo 28. Cotización por percepcións correspondentes a vacacións devengadas e non desfrutadas.

As percepcións correspondentes a vacacións anuais devengadas e non desfrutadas e que sexan retribuídas á finalización da relación laboral serán obxecto de liquidación e cotización complementaria á do mes da extinción do contrato.

A liquidación e cotización complementaria comprenderán os días de duración das vacacións, aínda cando alcancen tamén o seguinte mes natural ou se inicie unha nova relación laboral durante estes, sen rateo ningún e con aplicación, de ser o caso, do tope máximo de cotización correspondente ao mes ou meses que resulten afectados.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, nos supostos en que, mediante lei ou en execución dela, se estableza que a remuneración que deba percibir o traballador deba incluír a parte proporcional correspondente ás vacacións devengadas, aplicaranse as normas xerais de cotización.

Artigo 29. Cotización polos salarios de tramitación.

De acordo co disposto no artigo 209.6 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o empresario é o suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar polos salarios de tramitación nos supostos a que se refire o artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, sen prexuízo do seu dereito a reclamar do Estado o importe das cotas correspondentes aos ditos salarios nos termos previstos no artigo 57.2 desta última lei, e no Real decreto 924/1982, do 17 de abril, sobre reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos de despedimento e demais disposicións complementarias.

O ingreso das cotas correspondentes efectuarase no prazo previsto no artigo 56.1.c).4.º do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Artigo 30. Tipo de cotización en supostos especiais.

1. O tipo de cotización por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns nos supostos a que se refire o artigo 112 bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, será o 1,70 por 100, do que o 1,42 por 100 será a cargo da empresa e o 0,28 por 100 a cargo do traballador. Esta última porcentaxe será, así mesmo, a aplicable para determinar a achega do traballador na cotización por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns nos supostos a que se refire a disposición adicional vixésima da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social.

2. O tipo de cotización por incapacidade temporal nos supostos a que se refire a disposición adicional trixésima segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, será o 3,30 por 100 para os traballadores por conta propia do réxime especial dos traballadores do mar e para os traballadores por conta propia ou autónomos e traballadores por conta propia agrarios incluídos no sistema especial a que se refire o artigo 15 desta orde.

3. Para os efectos da aplicación tanto das bonificacións previstas no artigo 4.1 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, como das reducións establecidas na disposición adicional cuarta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, tomaranse en conta as cotas resultantes de aplicar á correspondente base de cotización o tipo de cotización do 22,18 por 100. En relación cos traballadores por conta allea do réxime especial agrario esas bonificacións e reducións determinaranse sobre as cotas resultantes de aplicar á correspondente base de cotización o tipo de cotización do 14,57 por 100.

4. En desenvolvemento do disposto no artigo 3 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Os contratos que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, se transformasen en indefinidos darán dereito a unha bonificación na cotización empresarial ao réxime especial agrario de 2,17 euros por cada día cotizado durante o mes natural, no suposto a que se refire o artigo 13.1, e de 2,71 euros por cada xornada real cotizada, no suposto a que se refire o artigo 13.2, co máximo de 800 euros anuais en ambos os casos.

b) Os contratos indefinidos a tempo completo formalizados con traballadores desempregados con responsabilidades familiares a partir do 3 de decembro de 2008 darán dereito a unha bonificación na cotización empresarial ao réxime especial agrario de 4,07 euros por cada día cotizado durante o mes natural, no suposto a que se refire o artigo 13.1, e de 5,08 euros por cada xornada real cotizada, no suposto a que se refire o artigo 13.2, co máximo de 125 euros mensuais e de 1.500 euros anuais en ambos os casos.

5. A suma das bonificacións e reducións a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo e o número 5 do artigo 13 non poderá superar o importe da cota correspondente.

6. En relación cos bombeiros a que se refire o Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, procederá aplicar un tipo de cotización adicional do 6,50 por cento, do cal o 5,42 por cento será a cargo da empresa e o 1,08 por cento a cargo do traballador.

7. En relación cos membros do corpo da Ertzaintza a que se refire a disposición adicional cuadraésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e sen prexuízo do previsto no seu número 4, procederá aplicar un tipo de cotización adicional do 4 por cento, do cal o 3,34 por cento será a cargo da empresa e o 0,66 por cento a cargo do traballador.

CAPÍTULO II

Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional

Artigo 31. Bases e tipos de cotización.

1. A base de cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, en todos os réximes da Seguridade Social que teñan cubertas tales continxencias, coa excepción do réxime especial agrario, ao cal lle é de aplicación o disposto no artigo 32, e os traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro do réxime especial dos traballadores do mar, cuxa base de cotización será determinada mediante orde do Ministerio de Traballo e Inmigración, será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Con independencia da súa inclusión na base de cotización por desemprego, no cálculo da base reguladora da prestación exclúirase a retribución por horas extraordinarias, segundo dispón o artigo 211.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. Os tipos de cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional serán, a partir do 1 de xaneiro de 2010, os seguintes:

2.1 Desemprego:

2.1.1 Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos en prácticas, de revezamento, de interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores que teñan recoñecido un grao de discapacidade non inferior ao 33 por cento: 7,05 por 100, do cal o 5,50 por 100 será a cargo da empresa e o 1,55 por 100 a cargo do traballador.

2.1.2 Contratación de duración determinada:

2.1.2.1 Contratación de duración determinada a tempo completo: 8,30 por 100, do cal o 6,70 por 100 será a cargo do empresario e o 1,60 por 100 a cargo do traballador.

2.1.2.2 Contratación de duración determinada a tempo parcial: 9,30 por 100, do cal o 7,70 por 100 será a cargo do empresario e o 1,60 por 100 a cargo do traballador.

2.1.3 Transformación da contratación de duración determinada en contratación de duración indefinida: cando o contrato de duración determinada, a tempo completo ou parcial, se transforme nun contrato de duración indefinida, aplicarase o tipo de cotización previsto no número 2.1.1 desde o día da data da transformación.

2.1.4 Socios traballadores e de traballo das cooperativas: os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, os socios traballadores das cooperativas de explotación comunitaria da terra, así como os socios de traballo das cooperativas, incluídos en réximes de Seguridade Social que teñen prevista a cotización por desemprego, cotizarán ao tipo previsto no número 2.1.1, se o vínculo societario coa cooperativa é indefinido, e ao tipo previsto no número 2.1.2, se o vínculo societario coa cooperativa é de duración determinada.

2.1.5 Colectivos cunha relación de servizos de carácter temporal coas administracións, os servizos de saúde ou as forzas armadas: os funcionarios de emprego das administracións públicas, o persoal con nomeamento estatutario temporal dos servizos de saúde, os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría das forzas armadas que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal cotizarán segundo o previsto no número 2.1.1, se eses servizos son de interinidade ou substitución, e segundo o previsto no número 2.1.2, se eses servizos son de carácter eventual.

2.1.6 Recoñecemento de discapacidade durante a vixencia do contrato de duración determinada: o tipo de cotización previsto no número 2.1.2 modificarase polo establecido no número 2.1.1 a partir da data en que se lle recoñeza ao traballador un grao de discapacidade non inferior ao 33 por 100.

2.1.7 Representantes de comercio que presten servizos para varias empresas: aos representantes de comercio que presten servizos como tales para varias empresas seralles de aplicación o tipo de cotización por desemprego que corresponda a cada contratación.

2.1.8 Internos que traballen en talleres penitenciarios e menores: aos penados e menores que realicen actividades laborais en talleres penitenciarios e centros de internamento seralles de aplicación o tipo previsto no número 2.1.1.

2.1.9 Cargos públicos e sindicais: os cargos públicos e sindicais incluídos no artigo 205.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social cotizarán aos distintos tipos previstos no número 2.1.2, segundo que a súa dedicación sexa exclusiva a tempo completo ou parcial.

2.1.10 Reservistas: os reservistas voluntarios, salvo cando sexan funcionarios de carreira, e os reservistas de especial dispoñibilidade, cando sexan activados para prestar servizos en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, cotizarán ao tipo previsto no número 2.1.2.1.

2.2 Fondo de Garantía Salarial: o 0,20 por 100, a cargo da empresa.

2.3 Formación profesional: o 0,70 por 100, do cal o 0,60 por 100 será a cargo da empresa, e o 0,10 por 100 a cargo do traballador.

Artigo 32. Bases e tipos de cotización por desemprego e Fondo de Garantía Salarial no réxime especial agrario.

1. A cotización pola contingencia de desemprego dos traballadores por conta allea, incluídos no réxime especial agrario, obterase aplicando ás bases de cotización establecidas nos números 1 e 2 do artigo 13, segundo a modalidade de cotización por contingencias comúns que corresponda ao traballador, os seguintes tipos:

Para os traballadores por conta allea de carácter fixo, o 7,05 por 100, do cal o 5,50 por 100 será a cargo da empresa e o 1,55 por 100 a cargo do traballador.

Para os traballadores por conta allea de carácter eventual, o 8,30 por 100, do cal o 6,70 por 100 será a cargo da empresa e o 1,60 por 100 a cargo do traballador.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando se trate de contratos de duración determinada ou formalizados con traballadores discapacitados a que se refire o artigo 31.2.1.1, o tipo aplicable será o 7,05 por 100, do cal o 5,50 por 100 será a cargo da empresa e o 1,55 por 100 a cargo do traballador.

2. A cotización a favor do Fondo de Garantía Salarial dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial obterase aplicando ás bases de cotización establecidas nos números 1 e 2 do artigo 13, segundo a modalidade de cotización por contingencias comúns que corresponda ao traballador, o 0,20 por 100, que será a cargo exclusivo da empresa.

Artigo 33. *Normas aplicables no réxime especial dos traballadores do mar.*

No réxime especial dos traballadores do mar, á base de cotización por desemprego, determinada conforme o disposto no artigo 31 desta orde, seranlle de aplicación os coeficientes correctores a que se refiren o artigo 19.6 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e a Orde do 22 de novembro de 1974, sen prexuízo do sinalado no artigo 17 desta orde.

CAPÍTULO III

Cotización nos supostos de contratos a tempo parcial

Artigo 34. *Bases de cotización.*

1. A cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional derivada dos contratos de traballo a tempo parcial efectuarase en razón da remuneración efectivamente percibida en función das horas traballadas no mes que se considere.

2. Para determinar a base de cotización mensual correspondente ás continxencias comúns aplicaranse as seguintes normas:

Primeira.—Computarase a remuneración devengada polas horas ordinarias e complementarias no mes a que se refire a cotización, calquera que sexa a súa forma ou denominación, con independencia de que fose satisfeita diaria, semanal ou mensualmente.

Segunda.—Á dita remuneración engadirase a parte proporcional que corresponda en concepto de descanso semanal e festivos, pagas extraordinarias e aqueles outros conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e se satisfagan dentro do ano 2010.

Terceira.—Se a base de cotización mensual, calculada conforme as normas anteriores, for inferior ás bases mínimas que resulten do disposto no artigo 35 ou superior ás máximas establecidas con carácter xeral para os distintos grupos de categorías profesionais, tomaranse estas ou aquelas, respectivamente, como bases de cotización.

3. Para determinar a base de cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, computarase, así mesmo, a remuneración correspondente ás horas extraordinarias motivadas por forza maior realizadas, tendo en conta as normas primeira e segunda do punto anterior. En ningún caso a base así obtida poderá ser superior, a partir do 1 de xaneiro de 2010, ao tope máximo sinalado no artigo 2.1 nin inferior a 4,45 euros por cada hora traballada.

Con independencia da súa inclusión na base de cotización por desemprego, no cálculo da base reguladora da prestación excluírase a retribución por estas horas extraordinarias.

4. A remuneración que obteñan os traballadores a tempo parcial polo concepto de horas extraordinarias motivadas por forza maior ás cales se refire o artigo 35.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, queda suxeita á cotización adicional regulada no artigo 5 desta orde.

Artigo 35. *Bases mínimas de cotización por continxencias comúns.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2010, as bases mínimas por horas aplicables aos contratos de traballo a tempo parcial serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Base mínima por hora – Euros
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	6,22
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	5,16
3	Xefes administrativos e de taller.	4,49
4	Axudantes non titulados	4,45
5	Oficiais administrativos.	4,45
6	Subalternos	4,45
7	Auxiliares administrativos.	4,45
8	Oficiais de primeira e segunda.	4,45
9	Oficiais de terceira e especialistas	4,45
10	Traballadores maiores de dezaioito anos non cualificados.	4,45
11	Traballadores menores de dezaioito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	4,45

2. A base mínima mensual de cotización será o resultado de multiplicar o número de horas realmente traballadas pola base mínima horaria que se establece no punto anterior.

Artigo 36. Cotización nos supostos de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e maternidade ou paternidade.

Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e maternidade ou paternidade a base diaria de cotización será o resultado de dividir a suma das bases de cotización acreditadas na empresa durante os tres meses inmediatamente anteriores á data do feito causante entre o número de días efectivamente traballados e, por tanto, cotizados no dito período. Esta base aplicarase exclusivamente aos días en que o traballador estivo obrigado a prestar servizos efectivos na empresa, de non estar nalgunha das situacións anteriores.

Artigo 37. Cotización na situación de pluriemprego.

Cando o traballador preste os seus servizos en dúas ou máis empresas en réxime de contratación a tempo parcial, cada unha delas cotizará en razón da remuneración que lle aboe. De a suma das retribucións percibidas superar o tope máximo de cotización á Seguridade Social, este distribuirase en proporción ás aboadas ao traballador en cada unha das empresas.

Artigo 38. Cotización nos supostos de traballo concentrado en períodos inferiores aos de alta.

1. De acordo co disposto no artigo 65.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, naqueles supostos en que os traballadores acordasen coa súa empresa que a totalidade das horas de traballo que anualmente deben realizar se presten en determinados períodos de cada ano, percibindo todas as remuneracións anuais ou as correspondentes ao período inferior de que se trate, neses períodos de traballo concentrado, existindo períodos de inactividade superiores ao mensual, a cotización á Seguridade Social efectuarase de acordo coas seguintes regras:

Primeira.–A base de cotización determinarase ao se celebrar o contrato de traballo e ao inicio de cada ano en que o traballador se encontre na dita situación, computando o importe total das remuneracións que teña dereito a percibir o traballador a tempo parcial nese ano, con exclusión en todo caso dos importes correspondentes aos conceptos non

computables na base de cotización á Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 23 do Regulamento xeral citado e demais disposicións complementarias.

Segunda.—O importe obtido ratearase entre os doce meses do ano ou do período inferior de que se trate, determinándose deste modo a contía da base de cotización correspondente a cada un deles e con independencia de que as remuneracións se perciban integramente nos períodos de traballo concentrado ou de forma rateada ao longo do ano ou período inferior respectivo.

Terceira.—A base mensual de cotización, calculada conforme as regras anteriores, non poderá ser inferior ao importe das bases mínimas que resulten do disposto no artigo 35.

Cuarta.—Se ao final do exercicio ou período inferior de que se trate o traballador con contrato a tempo parcial, subsistindo a súa relación laboral, percibiu remuneracións por importe distinto ao inicialmente considerado nese ano ou período para determinar a base mensual de cotización durante este, conforme as regras anteriores, procederase a realizar a correspondente regularización. Para tal efecto, o empresario deberá ou ben practicar a correspondente liquidación complementaria de cotas pola diferenza en máis e efectuar o pagamento dentro do mes de xaneiro do ano seguinte ou do mes seguinte a aquel en que se extinga a relación laboral, ou ben solicitar, de ser o caso, a devolución das cotas que resulten indebidamente ingresadas.

Quinta.—Así mesmo, a Administración da Seguridade Social poderá efectuar de oficio as liquidacións de cotas e acordar as devolucións solicitadas que sexan procedentes, en especial, nos supostos de extinción da relación laboral destes traballadores con contrato a tempo parcial por xubilación ordinaria ou anticipada, por recoñecemento da pensión por incapacidade permanente, por falecemento ou por calquera outra causa, coa conseguinte baixa no réxime correspondente da Seguridade Social e cesamento na obriga de cotizar.

2. O previsto no punto anterior non será de aplicación aos traballadores fixos-descontinuos a que se refire o artigo 15.8 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de acordo co disposto na disposición adicional terceira.3 do Real decreto 1131/2002, do 31 de outubro.

Artigo 39. *Base mínima de cotización respecto dos socios de cooperativas de traballo asociado, nos supostos de contrato a tempo parcial.*

A base de cotización por contingencias comúns e profesionais dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que optasen nos seus estatutos por asimilaren os socios traballadores a traballadores por conta allea, incluídos en razón da actividade da cooperativa no réxime xeral, no réxime especial dos traballadores do mar ou no réxime especial para a minaría do carbón, nos supostos de prestación de servizos a tempo parcial, non poderá ser inferior ás contías que para os diferentes grupos de cotización se indican a continuación:

Grupo de cotización – Euros	Base mínima mensual
1	412,80
2	299,70
3	260,70
4 a 11	258,60

Artigo 40. *Cotización no réxime especial agrario nos supostos de contratos a tempo parcial.*

O disposto neste capítulo non será de aplicación para a determinación da cotización dos traballadores por conta allea incluídos no campo de aplicación do réxime especial agrario, contratados a tempo parcial, respecto dos cales se observará o establecido nos números 1 e 2 do artigo 13.

Artigo 41. *Cotización nos supostos de garda legal ou coidado directo dun familiar.*

A cotización polos traballadores que, por razóns de garda legal ou coidado directo dun familiar e en virtude do disposto no artigo 37.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, realicen unha xornada reducida efectuarase en función das retribucións que perciban, sen que, en ningún caso, a base de cotización poida ser inferior á cantidade resultante de multiplicar as horas realmente traballadas no mes a que se refire a cotización polas bases mínimas horarias sinaladas no artigo 35.1 desta orde.

CAPÍTULO IV

Cotización nos contratos para a formación

Artigo 42. *Determinación das cotas.*

1. Durante o ano 2010, a cotización á Seguridade Social e demais continxencias protexidas polos traballadores que subscribisen un contrato para a formación efectuarase de acordo co seguinte:

a) A cotización á Seguridade Social consistirá nunha cota única mensual de 35,92 euros por continxencias comúns, dos cales 29,95 euros serán a cargo do empresario e 5,97 euros a cargo do traballador, e de 4,12 euros por continxencias profesionais, a cargo do empresario.

b) A cotización ao Fondo de Garantía Salarial consistirá nunha cota mensual de 2,28 euros, a cargo do empresario.

c) Para os efectos de cotización por formación profesional, aboarase unha cota mensual de 1,25 euros, dos cales 1,10 euros corresponderán ao empresario e 0,15 euros ao traballador.

d) As retribucións que perciban os traballadores en concepto de horas extraordinarias estarán suxeitas á cotización adicional regulada no artigo 5.

2. O previsto na alínea a) do número 1 será, así mesmo, de aplicación para a cotización do persoal investigador en formación de bolsa incluído no Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación.

Este sistema de cotización non afectará a determinación das contías das prestacións económicas a que se teña dereito, respecto da cal se seguirá aplicando o importe da base mínima correspondente ao grupo primeiro de cotización do réxime xeral.

Disposición adicional primeira. *Cotización por continxencias profesionais nos supostos de suspensión da relación laboral.*

A cotización por accidente de traballo e enfermidades profesionais por aqueles traballadores que teñan suspendida a relación laboral por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior, a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que se encontren en situación de desemprego total, efectuarase aplicando os tipos establecidos para a respectiva actividade económica, de conformidade coa tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Disposición adicional segunda. *Cotización por continxencias profesionais dos traballadores desempregados que realicen traballos de colaboración social.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional quinta do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, as administracións públicas que, conforme o establecido no artigo 38 do Real decreto 1445/1982, do 25 de xuño, utilicen traballadores desempregados para a realización de traballos de colaboración

social, estarán obrigadas a formalizar a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais polos ditos traballadores e a ingresar as cotas correspondentes ás citadas continxencias.

2. A base de cotización polas continxencias sinaladas no punto anterior calcularase conforme a media das bases de cotización polas ditas continxencias, nos últimos seis meses de ocupación efectiva, sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do previsto nos números 3 e 4 do artigo 8.

Nos supostos de traballadores perceptores do subsidio de desemprego, a base de cotización será equivalente ao tope mínimo de cotización a que se refire o artigo 2.

Disposición adicional terceira. Cotización durante a percepción das prestacións por desemprego por parte das vítimas de violencia de xénero.

Durante o período de percepción das prestacións por desemprego por parte das vítimas de violencia de xénero que teñan suspendida a relación laboral, a entidade xestora das prestacións ingresará a cotización á Seguridade Social conforme o establecido para os supostos de extinción da relación laboral.

Disposición transitoria primeira. Opción de bases de cotización, en determinados supostos, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

Os traballadores comprendidos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que, na data de producir efectos as bases de cotización previstas no artigo 14, tivesen optado polas bases máximas permitidas ata ese momento, poderán elixir, ata o último día do mes seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado», calquera base de cotización das comprendidas entre aquela pola que viñesen cotizando e o límite máximo que lles sexa de aplicación. A nova base elixida producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Disposición transitoria segunda. Aplicación da tarifa de primas de accidentes con respecto a períodos anteriores ao 1 de xaneiro de 2010.

Para a determinación das cotas a ingresar polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais correspondentes a períodos de liquidación anteriores ao 1 de xaneiro de 2010, data de entrada en vigor da tarifa de primas regulada na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, na redacción dada pola disposición derradeira oitava da Lei 26/2009, do 23 de decembro, os tipos de cotización aplicables serán os vixentes no período de liquidación de que se trate.

Disposición transitoria terceira. Ingreso de diferenzas de cotización.

1. As diferenzas de cotización que se puidesen ter producido pola aplicación do disposto nesta orde respecto das cotizacións que, a partir do 1 de xaneiro de 2010, se tivesen efectuado, poderán ser ingresadas sen recarga no prazo que finalizará o último día do segundo mes seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado».

2. Así mesmo, as diferenzas de cotización que se produzan como consecuencia do que se establece na disposición transitoria primeira, cando os traballadores a que se refire opten por unha base de cotización superior a aquela pola que viñeren cotizando, poderanse ingresar sen recarga ata o último día do mes seguinte a aquel en que finalice o prazo de opción que se fixa na disposición sinalada.

Disposición transitoria cuarta. Determinación provisional das bases de cotización aplicables no réxime especial para a minaría do carbón.

A cotización polos traballadores incluídos no réxime especial para a minaría do carbón, respecto de continxencias comúns, efectuarase sobre as bases establecidas para 2009, mentres non se aproben as bases de cotización que deben rexer neste exercicio, sen prexuízo das regularizacións que, con posterioridade, procederen.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2010.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para resolver cantas cuestións de índole xeral poidan xurdir na aplicación desta orde.

Madrid, 12 de xaneiro de 2010.–O ministro de Traballo e Inmigración, Celestino Corbacho Chaves.